

# II AQUELOS TRASTES VELLÓS UN PATRIMONIO QUE DIGNIFICAR

*Sabía, y era sabedor, que lo qu'había poucos anos era un xeito de vida y os seus medios materiais iban desaparecer (...). El labrador refugóu, de xeito drástico, todo lo que foron medios tradicionais. Lo qu'él consideróu anticuao, fêzolle romper col pasas, por aquilo del progreso mal entendido. É paradéxico qu'a un grupo social, sempre reacio a calquera cambio, conservador tanto nos usos como nos avezos, lle fíxera cambiar, en tan pouco tempo, el ruído axordador da segadora mecánica.*

*(...) Asociaron os seus xeitos de traballo anteriores y obsoletos col atraso rústico, renunciando a todo aquilo que púidera ter vínculo coa tradición de seus aboos ou padres.*

*José María Xaveiras Escanlar*

Pol sou traballo nel taller metálico, Pepe visitaba con frecuencia as casas del concello, unde era habitual a presenza de trastes e ferramentas abandonadas. Sin úa idea inda definida sobre qué faer con elas, empezóu a xuntar pezas que, desde perderan el uso, convertíranse en trastes vellos, condenaos al abandono ou al lume. Os máis d'elos recollíalos en cortes, aveirugos ou basureiros, ás veces con autorización máis ou menos espresa dos amos, noutras simplemente ante a súa indiferencia ou incomprensión.

Nun contexto caracterizao pola marxinalidá xeográfica, lingüística e social, pola mecanización tardía, por servicios públicos e vías de comunicación deficientes, a intención de recuperar as ferramentas y el axuar destinao á fogueira consideróuse, non poucas veces, un empeño de fatos ou tontos. Anos máis tarde recordaba con ironía cómo a súa volta al taller despóis de xuntar el qu'él consideraba "pezas maravillosas" iba acompañao das risuadas dos que por detrás comentaban: "ta tolo".



*Traballando con "trastes vellos" nel sou taller de carpintería metálica.*

A gana natural de saber de Pepe nun quedóu nel rescate de pezas etnográficas. A súa visión del patrimonio foi dende el principio integral, transcendendo a acumulación sin máis d'artefactos d'un coleccionista pa interesarse polos procesos de produción, a estrutura del territorio ou a recuperación d'oficios, actividades, técnicas e manifestacións culturais. El sou labor de recopilación estendéuse a os saberes, coñecementos e xeitos culturais que se perdían a un ritmo inda máis rápido qu'el reportorio material.

Deixa xa formulada nesta fase embrionaria da colección a idea de qu'as pezas, xebradas dos artesanos que las fabricaron, dos que las manexaron e dos seus usos e simbolismos, nun son máis qu'obxectos sin significado. Estas namáis collen a súa significación verdadeira en cuanto que portadoras del patrimonio intanxible que trasmiten e que deixa interpretarlas e contextualizalas.



*Con sou padre, "Benino del Foveiro", amañando úa roda de carro.*

Tampouco nun foi namáis a historia máis achegada el sou único foco d'atención. Gracias ás súas xestións y a costa da súa propia mantención, recuperáronse pal disfrute e coñecemento público algúas das pezas máis relevantes da Prehistoria del concello qu'hoi s'espóin nel Museo del Castro del Chao Samartín. A súa intervención foi igualmente decisiva pa dar a coñecer el interés del xacemento citao entre a comunidade científica, feito qu'iba acabar por propiciar as escavacións arqueolóxicas que convertiron El Chao Samartín núa referencia científica e patrimonial.

